### 20.- SOLICITUDE DE HABILITACIÓN DE RESERVA DE ESTACIONAMIENTO DE VEHÍCULOS PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA – José Rey Gude

Queda sobre a mesa pendente dun maior estudo o escrito presentado por **José Rey Gude**, de data 23/03/2026 (Registro de entrada nº 6.680), no que solicita a habilitación dunha reserva de estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira); así como o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 25/03/2026.



## 21.- PROPOSTA DE REUBICACIÓN DE PASO DE PEÓNS NA RÚA ESTATUTO (RIBEIRA)

**Vista** a proposta presentada pola Policía Local, de data 03/03/2026, relativa á reubicación do paso de peón na Rúa Estatuto (Ribeira).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a proposta presentada e que se proceda á reubicación do paso de peóns na Rúa Estatuto no entronque coa rotonda da serea, e que se instale na prolongación do acceso á zona do parque infantil das Abesadas, debendo desprazar dous colectores de lixo e rebaixar as beirarrúas a ambos lados da vía, segundo o contido do citado informe policial.

---

---

## 22.- SOLICITUDE OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO PARA CELEBRAR UN MERCADO SOLIDARIO – CEIP O Grupo

**Visto** o escrito presentado por María Nieves Lampón González en representación do **CEIP O Grupo**, de data 26/03/2026 (Registro de entrada nº 7.131), no que solicita autorización para ocupación de espazo público na Rúa de Galicia (Ribeira), o día 23/04/2026 en horario de 09:00 h. a 14:00 h., co fin de realizar un Mercado Solidario con intercambio de libros por produtos non perecedeiros para doación a entidade sen ánimo de lucro que faga labor social con persoas vulnerables; así como a colaboración municipal coa cesión temporal de 4 mesas abatibles e conexión eléctrica.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación de espazo público na Rúa de Galicia (Ribeira), o día 23/04/2026 en horario de 09: h. a 14:00 h., co fin de realizar un Mercado Solidario con intercambio de libros por produtos non perecedeiros para doación a entidade sen ánimo de lucro.
- Prestar a colaboración municipal coa cesión temporal de 4 mesas abatibles e conexión eléctrica.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

---

---

## 23.- ACEPTACIÓN DA INVITACIÓN DA CORAL POLIFÓNICA DE BERRES Á CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL DE RIBEIRA

**Vista** a proposta da Rego, Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro, de data 26/03/2026, relativa á invitación da Coral Polifónica de Berres á Coral Polifónica Municipal de Ribeira, na que expón:

*“Antecedentes.*

*Recibimos invitación da Asociación Coral Polifónica de Berres dirixida á Coral Polifónica Municipal de Ribeira para participar no Concerto de Verán na Estrada, o sábado 11 de xullo de 2026 (correo electrónico de data 14/01/2026).*

*A Asociación Coral Polifónica de Berres é a entidade organizador do concerto.*



*Esta invitación celébrase en réxime de intercambio, comprometéndose esta entidade a devolver a actuación nunha data a determinar polo Concello de Ribeira en función da dispoñibilidade do grupo de música vocal.*

*Obxectivos do Intercambio.*

*Ten como finalidade fomentar a colaboración entre municipios mediante o intercambio de grupos artísticos; Ofrecer visibilidade da música vocal, do esforzo e traballo desinteresado dos membros que conforman a Coral Polifónica Municipal de Ribeira, enriquecer a axenda cultural con propostas de fóra, entre outros.*

*Consideramos que esta acción é beneficiosa para a promoción da cultura local e a lazos con outros municipios.”*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aceptar a invitación da Asociación Coral Polifónica de Berres dirixida á participación da Coral Polifónica Municipal de Ribeira no Concerto de Verán, ó día 11 de xullo de 2026 na Igrexa de San Vicente en Berres- A Estrada (Pontevedra) ás 20 horas.
- Aceptar esta actuación en réxime de intercambio cultural coa Asociación Coral Polifónica de Berres co compromiso de que a entidade organizadora comprométese a actuar en Ribeira nunha data previamente acordada por ambas partes.
- Eximir do prezo público esta actuación debido á natureza do réxime de intercambio.
- Facilitar á Coral Polifónica Municipal de Ribeira o desprazamento a Berres- A Estrada (Pontevedra) coa contratación dun autobús a cargo deste concello.

## **24.- ACEPTACIÓN DA INVITACIÓN DA CORAL POLIFÓNICA DO ROSAL Á CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL DE RIBEIRA**

**Vista** a proposta da Rego, Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro, de data 26/03/2026, relativa á invitación da Coral Polifónica do Rosal á Coral Polifónica Municipal de Ribeira, na que expón:

*“Antecedentes.*

*Recibimos invitación da Agrupación Musical do Rosal dirixida á Coral Polifónica Municipal de Ribeira para participar no Festival de Corais no municipio do Rosal, o domingo 12 de xullo de 2026 no que participarán dúas corais convidadas xunta á coral anfitriona (correo electrónico de data 03/03/2026).*

*A asociación Agrupación Musical do Rosal é a entidade organizador do festival.*

*Esta invitación celébrase en réxime de intercambio, comprometéndose esta entidade a devolver a actuación nunha data a determinar polo Concello de Ribeira en función da dispoñibilidade do grupo de música vocal.*

*Obxectivos do Intercambio.*

*Ten como finalidade fomentar a colaboración entre municipios mediante o intercambio de grupos artísticos; Ofrecer visibilidade da música vocal, do esforzo e traballo desinteresado dos membros que conforman a Coral Polifónica Municipal de Ribeira, enriquecer a axenda cultural con propostas de fóra, entre outros.*



*Consideramos que esta acción é beneficiosa para a promoción da cultura local e a lazos con outros municipios.”*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aceptar a invitación da Agrupación Musical do Rosal dirixida á participación da Coral Polifónica Municipal de Ribeira no Festival de Corais ó día 12 de xullo de 2026 na Igrexa de Santa Mariña do Rosal (Pontevedra).
- Aceptar esta actuación en réxime de intercambio cultural coa Agrupación Musical do Rosal co compromiso de que a entidade organizadora comprométese a actuar en Ribeira nunha data previamente acordada por ambas partes.
- Eximir do prezo público esta actuación debido á natureza do réxime de intercambio.
- Facilitar á Coral Polifónica Municipal de Ribeira o desprazamento ao concello do Rosal (Pontevedra) coa contratación dun autobús a cargo deste concello.

## 25.- AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DA FESTA "OS DOLORES" DE SIRVES - Asociación Cultural As Dunas

**Vista** a proposta da Rego, Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro, de data 27/03/2026, relativa á solicitude de celebración da tradicional Festa “Os Dolores” en Sirves, na que expón:

*“Con data 24 de marzo de 2026 recíbese solicitude presentada por José Manuel Martínez Suárez, en representación da Asociación Cultural As Dunas, interesado celebrar a Festa tradicional “Os Dolores” en Sirves, os días 11 e 12 de abril de 2026 (registro sede electrónica 2026 6901).*

*Manifesta que terá lugar na explanada do Polideportivo de Sirves e consistirá en verbena nocturna con orquestra e Dj o sábado, e alborada, misa e sesión vermú o domingo.*

*A solicitude inclúe as seguintes peticións:*

- *Autorización para celebrar a festa tradicional “Os Dolores” no lugar e calendario sinalado.*
- *Reforzo de contenedores e limpeza diaria no campo da festa.*

*Consta no expediente:*

- *Certificado de seguro. Póliza número 548352831 e recibo de pago. Período validez do 20/02/2026 a 20/02/2027.*
- *Documentación técnica da actuación do grupo JBson do 11 de abril presentada por Espectáculos Odisea rexistro nº 2026 6832 de 24/03/2026.*

*Actuacións de oficio:*

- *Postos en comunicación co organizador nos indica que a previsión de participantes é de 150 persoas aprox. Así como o horario da sesión vermú será de 13.30 a 15.30 horas.*
- *Postos en comunicación coa área municipal de deportes de Ribeira informan que esta festa non presenta inconvincente coa programación deportiva nas instalacións do Polideportivo de Sirves.*

*Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:*

*Obrigas da entidade organizadora*

*1. Seguros obrigatorios*



- *Dispor dunha póliza de responsabilidade civil en vigor, cos capitais mínimos establecidos polo Decreto 226/2022, do 22 de decembro.*
  - *Presentar o xustificante de pagamento da póliza correspondente ao período da actividade.*
2. *Proxecto técnico e responsabilidade*
- *Presentar un proxecto técnico asinado por persoa competente, que inclúa:*
    - *Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)*
    - *Aforos e horarios.*
    - *Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.*
  - *Acreditar quen asumirá a responsabilidade técnica da execución, mediante documento asinado.*
  - *Presentar unha certificación final de adecuación emitida por esta persoa responsable.*
3. *Instalacións e atraccións*
- *Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):*
    - *Certificado técnico de montaxe.*
    - *Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.*
    - *Taxas de ocupación de vía pública, se corresponde.*
4. *Electricidade e xeradores*
- *Presentar boletíns eléctricos das instalacións temporais segundo a Instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.*
  - *En caso de usar xerador, achegar certificado de inspección industrial.*
5. *Actividades con lume ou risco de incendio*
- *Solicitar autorización para fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume, se se prevé o seu uso.*
  - *Cumprir coa normativa sobre prevención de incendios forestais.*
  - *Asumir a responsabilidade polos danos ou incendios que se poidan producir.*
6. *Dereitos de autor*
- *Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.*
7. *Outras autorizacións*
- *Obter calquera autorización adicional doutras administracións públicas ou entidades privadas, se fose necesaria.*

*Colaboración municipal prevista*

*Concello de Ribeira, dentro das súas competencias comprométese a:*

- *Autorizar a celebración da Festa tradicional “Os Dolores” na explanada do polideportivo de Sirves os días 11 e 12 de abril de 2026 na parroquia de Olveira.*
- *Establecer un horario límite de actividade ata as 4:00 h na madrugada do sábado ao domingo e a sesión vermú ata ás 17.00 horas do domingo.*
- *Prestar apoio loxístico e operativo, incluíndo:*
  - *Reforzo de servizo de limpeza e contenedores os días de festa.*
  - *Ordenación do tráfico, sinais e valado segundo disponibilidad.*

*Lembranza final*

*A entidade organizadora é responsable do cumprimento íntegro da normativa aplicable, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.”*

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, *acorda:***

- **Autorizar a celebración da Festa tradicional “Os Dolores” en Sirves- Olveira os días **11 e 12 de abril de 2026.****



- Establecer como **horario límite** das actividades as **4:00 h** da madrugada do sábado a domingo e sesión vermú ata ás 17.00 horas do propio domingo (11 e 12 de abril de 2026).
- Prestar colaboración municipal en servizos de limpeza, sinais e valado se o precisaran e segundo dispoñibilidade.
- Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
- Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local** e **GAEM**.

---

## 26.- AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA

**Vista** a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro, de data 26/03/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

*“Recíbense solicitudes de diversas asociacións culturais locais interesadas en celebrar festivais de baile e música neste ano 2026.*

*As petición inclúen o Uso Temporal de instalacións municipais adscritas a esta área así como de apoio loxístico.*

*Auditorio Municipal de Ribeira*

- |   |                                   |                                 |
|---|-----------------------------------|---------------------------------|
| • <i>Amas de Casa</i><br><i>Rexistro 2026 170 de 04/01/2026</i>                               | <i>Festival de Nadal</i>          | <i>19 de decembro</i>           |
| • <i>Grupo de Baile e Música Tradicional Tahúme</i><br><i>Rexistro 2026 897 de 13/01/2026</i> | <i>Festival de Nadal</i>          | <i>13 de decembro</i>           |
| • <i>Alfa Asociación Cultural</i><br><i>Rexistro 2026 4633 de 27/02/2026</i>                  | <i>Festivais de Baile</i>         | <i>21 de xuño e 20 decembro</i> |
| • <i>Cáritas Diocesana de Santiago</i><br><i>Rexistro 2026 4824 de 02/03/2026</i>             | <i>Festival Benéfico de Nadal</i> | <i>12 de decembro</i>           |
| • <i>Francisco Lorenzo Mariño- Bailadela</i><br><i>Rexistro 2026 6940 de 25/03/2026</i>       | <i>Festival de Nadal</i>          | <i>26 de decembro</i>           |

*Considerando que:*

- Os festivais de baile e música son manifestacións a preservar que contribúen a difundir as tradicións, a cultura e historia do municipio.*
- Mantéñen vivas músicas e danzas tradicionais e o patrimonio artístico da zona.*
- Amosan o traballo froito de ensaios, esforzo e dedicación destes grupos de baile e música convertido nun festival para achegar a cultura á cidadanía.*
- Carecen de ánimo de lucro.*
- Enriquecen a oferta municipal con actividades artísticas diversas e gratúitas.*

*Por conseguinte, temos o desexo de incorporar estas actividades á programación municipal da área de cultura poñendo a súa disposición*

- Espazos públicos: Auditorio Municipal de Ribeira na data proposta por cada unha das asociacións solicitantes e anteriormente sinaladas.*
- Medios técnicos. Apoio técnico de son, iluminación e audiovisual así como loxístico.*



3. *Divulgación. Publicación e difusión dos eventos en medios locais (prensa escrita, espazos de axenda cultural, redes Sociais, páxina web etc. ) ”*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Incorporar os festivais de baile e música promovidos polas entidades culturais mencionadas á programación municipal da área de cultura.
- Por a súa disposición o Auditorio Municipal de Ribeira xunto co apoio técnico, loxístico e recursos municipais na procura de garantir a boa execución do evento (acceso, limpeza entre outros).
- Divulgar estes festivais nos medios locais e redes sociais.
- Notificar o acordo a cada unha das entidades solicitantes xunto as Condicións de Uso que se indican:

**NORMAS DE ACCESO AO AUDITORIO  
MUNICIPAL DE RIBEIRA**

- Non se poderá superar o aforo máximo das salas en cumprimento da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Non se permite consumir alimentos ou bebidas.
- Está prohibido fumar en todo o recinto.
- Por normativa de evacuación, cada butaca correspóndese con un asistente, con independencia da idade (incluídos bebés).
- A fila 9 da sala principal está reservada para persoas con mobilidade reducida e/ou neurodiverxencias que acrediten esa condición (a organización poderá solicitar o certificado correspondente e en caso de non cumprir coas condicións establecidas as entradas perderán a súa validez).
- Recoméndase respectar a idade indicada para cada espectáculo. En todo caso, os menores deben estar acompañados dun adulto.
- Con obxecto de cumprir a normativa de evacuación, non se permitirá o acceso á sala de carriños de bebés, bicicletas, patinetes e similares. Estes deberán deixarse nos lugares habilitados no vestíbulo de entrada do auditorio.
- A organización resérvase o dereito de reubicación das localidades por causa xustificada.
- Non está permitido tomar fotos ou gravar o espectáculo con calquera medio (cámara, móbil, tablet...) nin utilizar estes dispositivos durante o mesmo xa que molestan ao público e ás compañías.
- Prégase puntualidade. Unha vez comezado o espectáculo non estará permitido o acceso e as entradas perderán a súa validez.
- Deberanse seguir en todo momento as indicacións do persoal da organización.
- Para acceder con paraugas ao salón de actos será obrigatorio o uso das fundas plásticas, que estarán a disposición do público no vestíbulo principal.

**27.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO PARA AS ENTRADAS DO ESPECTÁCULO  
“BENQUERER. FRAN SIEIRA BÁILALLE A CAAMAÑO & AMEIXEIRAS”**

**Vista** a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Ana Isabel Barreiro Rego, relativa á aprobación de prezo público para as entradas do espectáculo “Benquerer. Fran Sieira báilalle a Caamaño & Ameixeiras”, e na que expón:

*“No marco da programación do Maio Cultural que impulsa a concellería de Cultura é de interese achegar ao público unha representación do espectáculo de danza contemporánea do artista local*



*Fran Sieira baixo o título “Benquerer. Fran Sieira báilalle a Caamaño&Ameixeiras” o día 2 de maio ás 20:00 h no auditorio municipal. Trátase da nova produción da compañía deste artista ribeirense e que estará de xira ao longo deste ano por distintas cidades e vilas galegas, recalando tamén no noso municipio. A área de Cultura seleccionou esta peza a través da convocatoria da Rede Cultural do ano 2026, polo que o Concello asumirá o pago do 60% do prezo do caché.*

*O espectáculo conta coa participación do dúo galego ligado á música e ao baile de raíz, Caamaño&Ameixeiras, e dende un punto de vista case autobiográfico, a peza cuestiona que é quererse ben a un mesmo. O auto-coidado emocional é o eixe central sobre o que xira este novo proceso creativo tan persoal e íntimo para o creador, onde a través do seu propio relato detallará a importancia do coidado, de quererse ben, de aceptarse e respectarse a un mesmo.*

*O aforo máximo do auditorio é de 477 persoas (473 butacas e 4 son espazos reservados para cadeiras de rodas – dous en patio de butacas e dous en balcón-). Dende a organización, continuando co mesmo esquema organizativo implantado xa dende a inauguración destas novas instalacións, óptase por reservar un total de 8 butacas para “necesidades da compañía e organización” e bloquear outras 4 por motivos técnicos na fila 9 (para facilitar o acceso a cadros eléctricos e conexións de equipamento) polo que o número máximo de butacas á venda será de 465. O acceso do público a este espectáculo permitirase dende media hora antes, procedendo ao peche de portas ás 20:00 h sen que derive ningún dereito ao espectador con entrada que quedase fóra; no caso da variación da hora do espectáculo, a entrada realizarase media hora antes do seu inicio.*

*Por todo isto, establécese a seguinte normativa de adquisición das entradas e acceso ao auditorio para este espectáculo:*

- *O período de venda das entradas anunciarase a través da web municipal e redes sociais do Concello unha vez coordinados os traballos previos de preparación da venda online con Ataquilla así como os detalles técnicos coa compañía.*
- *As entradas poderán adquirirse nos prazos que se anuncien no seu momento, a través da billeteira de [ataquilla.com](http://ataquilla.com) e o pago realizarase nesa plataforma mediante tarxeta bancaria. Dende o Concello facilitarase e asistirase á veciñanza no acceso a esta plataforma de venda online, especialmente a aquelas persoas que polas súas dificultades específicas non poidan facelo de xeito autónomo, para o cal deberán dirixirse nos prazos indicados á Oficina de Atención Cidadá (OAC) do Concello de Ribeira, de luns a venres de 9:00h a 14:00h, sendo igualmente necesario o pago mediante tarxeta bancaria e a través da mesma plataforma de ABANCA.*
- *O prezo público para a entrada individual fíxase en **4,50€** (cantidade exenta de IVE de conformidade coa Lei\_37/1992 de 28 de decembro do Imposto de Valor Engadido) incrementada en 0,50 € en concepto de comisión da entidade bancaria (comisión que aboará o comprador directamente á entidade bancaria), polo que o importe total para o público por entrada individual será de **5 €**. A posta en marcha deste prezo público ten entre os seus principais obxectivos o de acadar unha mellor xestión do fluxo de asistentes ás representacións, considerándose por elo convinte establecer un importe de entrada “simbólico” que garanta a reserva da butaca aos asistentes, completar a cabida do local e que non teña carácter disuasorio co fin de garantir o dereito de acceso á cultura.*
- *Toda persoa que vaia a asistir ao espectáculo deberá mercar entrada, independentemente da súa idade, por motivos de control de aforo e cumprimento da normativa.*
- *A imposibilidade do comprador de asistir ao espectáculo por causas alleas á organización e/ou o erro ao realizar a compra da entrada non serán motivos válidos para solicitar a devolución do importe. Unha vez adquirida a entrada, unicamente se devolverá o seu importe en caso de cancelación do evento e previo informe da área de cultura de dita circunstancia.*
- *A asignación das butacas poderase escoller por parte do espectador/a, no momento da adquisición da entrada, sobre plano e mentres haxa dispoñibilidade. No caso de localidades específicas para persoas con mobilidade reducida, discapacidades ou neurodiverxencias*



(situadas na fila 9), a adquisición nesta modalidade sen cumprir coa condición necesaria impedirá o acceso ao recinto. Para iso a organización poderá requirir, no momento do acceso ás instalacións, a documentación acreditativa de ditas circunstancias se o considera oportuno (certificado de discapacidade).

- A entrada dará dereito á reserva da butaca seleccionada, o acceso á sala do Auditorio e ao goce unicamente da representación teatral para a que foi expedida e perderá validez unha vez comezada a función e pechadas as portas do salón de actos non habendo lugar a reclamacións.
- Con obxecto de cumprir a normativa de evacuación, non se permitirá o acceso á sala de carriños de bebés, bicicletas, patinetes e similares. Estes deberán deixarse nos lugares habilitados no vestíbulo de entrada do auditorio. Permitirase o acceso con paraugas sempre e cando se enfunden cos correspondentes plásticos existentes na entrada do vestíbulo.
- Cada entrada levará asignado un número de butaca do salón de actos do auditorio, que será o que deba ocupar o/a espectador/a. Por causa de forza maior a organización poderá reasignar as butacas previo aviso á persoa interesada.
- As butacas cuxa reserva foxe vendida previamente por entrada e non sexa ocupada nalgunha función permanecerá baleira e non será cuberta por ningunha causa exceptuando motivos de organización ou necesidade protocolaria.

**Relación ingreso/ gasto:**

Á vista do prezo indicado no punto anterior o ingreso máximo por prezo público sería de **2.092,50 €**, tendo en conta que se porán á disposición do público 465 butacas segundo o seguinte cálculo:

Nº entradas/función	máximo	Prezo público /entrada (sen iva e sen comisión bancaria)	Ingreso máximo por venda de entradas
465		4,50 €	2.092,50 €

En canto aos gastos a asumir pola área de Cultura ascenderían a **4.593,60 €**, correspondentes aos seguintes conceptos:

- o Asistencia técnica para atender a realización do evento, montaxe de escenografía, equipos: 375,10 €
- o Caché do espectáculo – seleccionado a través da Rede Cultural: 5.720,00 € (Aportación 60% Concello: 3.432,00 €)
- o Contratación accións accesibilidade (mochilas vibratorias, dobraxe lingua signos...): 786,50 €

Polo tanto ponse de manifesto a existencia dun desequilibrio entre ingresos e gastos, se ben cómpre indicar que dito desequilibrio pode ser sufragado con cargo aos créditos orzamentarios do departamento de Cultura e que se deben ter en conta as evidentes razóns de interese público que sustentan a actividade cultural do Concello, o que xustifica que este prezo público non se eleve ata importes que permitan financiar a totalidade do gasto; e acolléndose á posibilidade contemplada na ordenanza municipal C3 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outra actividade de carácter deportivo e sociocultural no seu artigo 4.º

**Visto** o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor, Pablo Bao Castro, e o Tesoureiro, Félix Carrasco de Pozo, de data 30/03/2026.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Aprobar** o prezo público sinalado para esta representación teatral así como da normativa de adquisición das entradas a través da billeiteira electrónica de Ataquilla.

---



---



**28.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO - Katia Lizbeth Quiroz Príncipe**

Visto o escrito presentado por **Katia Lizbeth Quiroz Príncipe**, de data 23/03/2026 (Registro de entrada nº 6.699), no que solicita autorización para a ocupación de espazo público con stand (2 m<sup>2</sup>) informativo dunha marca de produtos nutracéicos e a promoción de hábitos saudables, na Rúa de Galicia (Ribeira), á altura do nº 40, o día 02/05/2026, en horario de 09:00 h. A 16:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a ocupación de espazo público con stand (2 m<sup>2</sup>) informativo dunha marca de produtos nutracéicos e a promoción de hábitos saudables, na Rúa de Galicia (Ribeira), á altura do nº 40, o día 02/05/2026, en horario de 09:00 h. A 16:00 h..
- Antes do inicio da actividade deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

---

---

**29.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuel Pazo Guerrero (ATLÁNTICO)**

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Manuel Pazo Guerrero** en representación establecemento “**Bar Atlántico**” (Olveira), de data 31/03/2026 (Registro de entrada nº 2026 SOLIC0002087), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “**Bar Atlántico**” (Olveira), o día 04/04/2026, en horario de 20:00 h. a 00:00 h.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:45 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

